

BASES DA CAMPAÑA "BETANZOS ÉNCHESE DE SOLES" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza a Campaña "BETANZOS ÉNCHESE DE SOLES" que se desenvolverá entre o 13 de xuño e o 4 de xullo de 2022.

A campaña consiste no sorteo de 32 premios por un valor total de 1.200 euros. Para participar no sorteo os clientes terán que conseguir pegatinas de soles que repartirán os negocios asociados coas compras, pegar 10 soles nunha cartilla da campaña, que tamén recibirán nos negocios, e depositalo en calquera dos establecementos asociados a ACEBE CCA ou na sede de ACEBE CCA ata o 27 de xuño de 2022.

PREMIOS

Entre todos os participantes sortearanse 32 premios cun valor total de 1200 €.

Os premios foron mercados por ACEBE CCA en 32 establecementos asociados de diferentes sectores seleccionados por sorteo.

RELACIÓN DE PREMIOS

PREMIO	VALOR
1 VALE DE 100 € SOLOE VIAXES	100 €
2 VALE DE 100 € TERRAS DO MANDEO VIAXES	100 €
3 VALE DE 100 € ZAFIRO TOURS	100 €
4 VALE DE 50 € TALLERES CAMPAÑÓ	50 €
5 VALE DE 30 € CLÍNICA DE ACUPUNTURA E MASAXE KOREA HAN	30 €
6 VALE DE 30 € ESTACIÓN SERVICIO PIADELA	30 €
7 VALE DE 30 € FISIOTERAPIA BETANZOS	30 €
8 VALE 20 € PARA CONSUMICIÓN EN LANZÓS	20 €
9 VALE PARA UNHA MANICURA E UN DEPILADO DE CEXAS EN SALÓN DE BELEZA LOLITA'S	20 €
10 VALE DE 20 € PARA CONSUMICIÓN EN CAFETERÍA PARÍS	20 €
11 VALE DE 50 € PARA CONSUMICIÓN EN MESÓN O POTE	50 €
12 VALE DE 30 € PARA ESTACIÓN DE SERVIZO BALLENOIL BETANZOS	30 €
13 DÉCIMO DE LOTERÍA DE NADAL DE ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS O GLOBO	20 €
14 VALE DE 30 € PARA CONSUMICIÓN EN ARTESA DA MOZA CRECHA	30 €
15 LOTE DE PRODUTOS DE TRATAMENTO CAPILAR KRISTAL EVO DE PELUQUERÍA XABELA	20 €
16 LENTES DE SOL MR. BOHO DE ÓPTICA BETANZOS	50 €
17 CASULLA DE PROFESORA DINEKE DE MARÁN	20 €
18 KIT DE BORDADO DE MERCERÍA O CARRETE	20 €
19 CONO XIGANTE DE CHUCHES DE LARPEIRADAS BABEL	20 €
20 XOGO DE TOALLAS FIOTEX DE BERTHA HOGAR	30 €
21 CESTA SUPERMERCADO FROIZ	30 €
22 PANTALÓN ONLY DE TRISCOS MODA	30 €
23 CUBO DE POZO DE MADEIRA DECORATIVO DE ARTESANÍA LAGOA	50 €
24 LÁMPADA DE TEITO EGLO DE BC ILUMINACIÓN	50 €
25 RELOJ MI WATCH LITE REDMIWTO2 DE ELECTRÓNICA CÉSAR	50 €
26 MONO CORTO COMPAÑÍA FANTÁSTICA DE GRAF	50 €
27 PULSEIRA DE PRATA DE XOIERÍA CARABEL	50 €
28 CESTA CON CREMA E XELES CANOTIER DE FARMACIA COUCEIRO	20 €
29 LIBRO "EL PARQUE DEL PASATIEMPO DE BETANZOS" DE LIBRARÍA BIBLOS	20 €
30 SET DE CALIGRAFÍA CREATIVA CRETACOLOR DE LIBRERÍA BREA	20 €
31 LOTE DE PRODUTOS ECOLÓXICOS DE O EKOLAR	20 €
32 CESTA DE PRODUTOS GOURMET DE CASA SEGUNDO	20 €
TOTAL 32 PREMIOS	1.200 €

CARTILLAS

Cada cartilla estará dividida en dúas partes: a parte principal, na que o cliente terá que pegar os soles conseguidos coas compras, e un resgardo, que ten que conservar o cliente. As cartillas deberán estar seladas polo establecemento emisor e estarán numeradas (tanto a parte principal como o resgardo estarán identificadas co mesmo número de serie). Para participar no sorteo os clientes terán que completar cartillas con 10 pegatinas de soles da campaña. Cada cliente pode participar con tantas cartillas como consiga completar.

Os participantes no sorteo poderán acadar as cartillas e os soles nos establecementos asociados a ACEBE CCA entre o 13 e o 26 de xuño ao realizar as súas compras.

REPARTO DE CARTILLAS

O reparto de cartillas e soles efectuarase entre o 13 e o 26 de xuño de 2022 (ambos incluídos) nos comercios, empresas e locais de hostalería pertencentes á ACEBE CCA. Os responsables do negocio entregarán a cada cliente unha cartilla ata esgotar existencias. Será criterio do responsable do establecemento decidir o número de soles a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata esgotar existencias.

RECOLLIDA DE CARTILLAS

O cliente terá que entregar a cartilla selada e cuberta con 10 soles en calquera dos establecementos asociados a ACEBE CCA ou na sede de ACEBE CCA antes do 27 de xuño de 2022 ás 14:00 h. e quedarase co resgardo para poder reclamar o premio no caso de que resulte agraciado.

Se a cartilla non está selada polo establecemento emisor e completada con 10 soles non terá validez. Ademais, é obrigatorio presentar as cartillas e os resgardos en perfectas condicións e lexibles.

As cartillas depositadas nos establecementos colaboradores serán recollidas pola organización entre o 28 e o 30 de xuño de 2022 para que participen no sorteo. É responsabilidade do establecemento facilitar a entrega e/ou entregar as cartillas depositadas polos clientes á organización para a correcta realización do sorteo. O lugar designado para a entrega das cartillas é a sede de ACEBE CCA localizada na Praza Mestre Xosé Dapena 1. Poderán ser entregadas ata o 1 de xullo de 2021 (en horario de 10.00 a 14.00 h.) A organización non se responsabiliza de calquera extravío ou perda de cartillas por parte do establecemento comercial.

SORTEO

Os premios adxudicaranse mediante un sorteo ante notario que se realizará o 4 de xullo de 2022 salvo causa de forza maior. Extraerase de entre o total das cartillas recollidas un número gañador por cada un dos trinta e dous premios. O resultado do sorteo comunicarse a través do número de xullo da publicación "Betanzos e a súa comarca" e da páxina web www.comerciodebetanzos.com.

RECLAMACIÓN DOS PREMIOS

Para recoller os premios os posuídores dos resgardos premiados deberán poñerse en contacto con ACEBE.CCA a través do número de teléfono 981774574 ou presencialmente na sede de ACEBE CCA localizada na Praza Mestre Xosé Dapena 1 de Betanzos (de luns a venres en horario de 10.00 a 14.00 h) antes do 22 de xullo de 2022 ás 14.00 h e deberán acreditar

nese mesmo prazo a posesión do resgardo. En caso de non aparecer algunha das cartillas premiadas antes da data indicada, o premio quedará en depósito para futuras campañas.

CONDICIÓNS XERAIS DO SORTEO

Os premiados ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionadas coa Campaña de Verán 2022 de ACEBE.CCA.

En ningún caso unha mesma persoa poderá resultar gañadora máis dunha vez no sorteo. Tampouco poderá resultar premiado máis dun boleto selado polo mesmo establecemento.

Non poderán participar no sorteo o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor da cartilla. Si poderán participar con cartillas emitidas por outros establecementos asociados. Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase ós seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os premios son persoais e intransferibles, e non poderán canxearse polo seu valor en metálico.

Os participantes poderán consultar as bases da presente promoción durante o período no que estea vixente na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.